Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013

II. Segundo a Cláusula 4ª do contrato o prazo é de 2 anos, contado a partir do día seguinte á última sinatura dixital do mesmo. Contémplase unha prórroga dun ano de duración.

A última sinatura do contrato é de 8/06/2020, polo que, o seu prazo finalizará o vindeiro 8/06/2022.

IV. Con data 28/01/2022 o concelleiro de Cultura e Emprego autorizou o inicio da tramitación do expediente de prórroga do contrato maior *dos servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI “VIGO VERTICAL” (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER)*

V. A través da notificación co número de saída 110944, recibida o 28/01/2022, se comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Así mesmo, o apartado 7.3 do PAC dispón que o poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

A través da notificación de data 28/01/2022 e nº de saída 110944, se comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato coa antelación mínima exixida no citado artigo 29.2 da Lei 9/2017.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PAC, en diante) do contrato dispón, na cláusula 7.1, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A das Follas de Características do Contrato (FEC), o cal contempla un prazo de dous anos. Deste xeito, téndose



Concello de Vigo

iniciado a execución a partir do día seguinte á última sinatura dixital, con data 09/06/2020, o seu prazo finalizará o vindeiro 08/06/2022.

En relación co anterior, no apartado 4.C FEC, se prevé unha prórroga dun ano de duración.

II. Na actualidade os *servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI "VIGO VERTICAL" (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER)*, se desenvolven conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

III. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables.

IV. A prórroga do contrato terá un importe de 150.396,95 € e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2270610 "DUSI, OT9, LA16 ASESORAMENTO A PYMES E EMPRENDEDORES", correspondente ao orzamento do ano 2022, , quedando distribuído o prezo para o período 9/06/2022 - 08/06/2023, nas anualidades que se indican de seguido:

| Ano 2022 | | Importe |
|----------------|-------------|---------------------|
| xuño (22 días) | 9.190,92 € | 84.389,40 € |
| xullo-décembro | 75.198,48 € | |
| Ano 2023 | | |
| xaneiro-maio | 62.665,40 € | 66.007,55 € |
| Xuño (8 días) | 3.342,15 € | |
| TOTAL PRÓRROGA | | 150.396,95 € |

V. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato maior de *servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI "VIGO VERTICAL" (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER) (16737/77)*

VI. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

Á vista do exposto anteriormente e das competencias establecidas na vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020)) e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe do xefe do servizo, e previo informe de Intervención, remítese á Xunta de Goberno Local, a aprobación da seguinte PROPOSTA de

ACORDO

PRIMEIRO: Autoriza-la prórroga de UN ANO do contrato de *servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI “VIGO VERTICAL” (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER) (16737/77)* adxudicado a UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L por Acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de maio de 2020, para o período comprendido entre 09/06/2022-08/06/2023, polo importe de 150.396,95 €, e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2270610 “DUSI, OT9, LA16 ASESORAMENTO A PYMES E EMPRENDEDORES”, manténdose inalterables, no período de prórroga, as características do contrato.

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de 150.396,95 €, dos que 84.389,40 € corresponden ao orzamento de 2022 e 66.007,55 € ao orzamento de 2023, e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2270610 “DUSI, OT9, LA16 ASESORAMENTO A PYMES E EMPRENDEDORES”.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(265).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLA XGL DE DATA 01/04/2022 DE ACORDO CO REQUIRIMENTO EFECTUADO POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE. EXPTE.19086/77.

Visto o informe-proposta do 11/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno, na súa sesión **na sesión ordinaria do 1 de abril de 2022, adoptou o seguinte acordo:**

- Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VIII”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

- Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “ORDE do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, publicado no DOG. núm. 46, do 8 de marzo.
- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2022 e 2023, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
- Delegar no Concelleiro de Cultura e Emprego, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “VIGO CAPACITA VIII”.

II. Unha vez analizada a documentación por parte da Consellería de Emprego e Igualdade, formúlase requirimento recibido o 8/04/2022 (DOC. 220071410) a fin de proceder á súa subsanación dos seguintes termos:

1.- *Reflectir correctamente e indicar con claridade as especialidades formativas e o número de alumnos-traballadores do proxecto.*

O número de alumnos-traballadores no Obradoiro será de **20** os cales estarán distribuídos en dúas especialidades con 10 alumnos cada unha delas: **Cociña-Repostería** (onde se impartirá o Certificado de nivel 2 de Cociña na súa totalidade e parte do Certificado de Profesionalidade de Repostería para 10 alumnos) e **Restaurante/Bar-Cafetería de Nivel 2** (onde se impartirán dous certificados de profesionalidade completos para 10 alumnos).

2.- *Modificación do cálculos de Seguridade social aplicables aos alumnos-traballadores.*

Por mor da modificación introducida pola Orde PCM/244/2022, de 30 de marzo, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cese de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para o exercicio 2022, o importe da Seguridade social aplicables aos alumnos-traballadores de 117,29 euros ao mes pasa a ser de **121,55 euros**, o cal implica a correspondente modificación do orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local, ascendendo a un importe de **503.987** euros.

3.- *Merendas para persoas da terceira idade.*

Modifícase a memoria do proxecto con respecto á actuación levada a cabo das merendas para persoas da terceira idade, pasando a ser beneficiarias as persoas usuarias do servizo de Benestar Social do Concello en base aos criterios establecidos por dito servizo.

Non se introducen modificacións sobre as contías para facer fronte aos compromisos asumidos polo Concello, constando informe da Intervención Xeral Municipal de data 23/03/2022, no que se indica que este expediente que se está a tramitar que ten por finalidade solicitar ante a Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia unha subvención para o Obradoiro de Emprego Vigo Capacita VIII, é en tanto non se outorgue, non é un acto xerador de dereitos e obrigas con cargo ao orzamento, polo que, nun principio non é un acto suxeito a fiscalización previa, e a súa remisión a este servizo de fiscalización, tan só limitase a informar sobre a existencia de crédito para facer fronte aos compromisos do Concello se esta resultase beneficiada polas axudas, informándose de conformidade, achegándose os certificados de crédito que se solicitan.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe da Intervención Xeral Municipal que obra no expediente, do disposto no artigo 127.g) da LMMGL e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Resolución da Alcaldía-Presidencia do 17 de agosto de 2020 e o acordo de Xunta de Goberno Local do 18 de agosto de 2020 e modificacións posteriores, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

ÚNICO: Corrixir o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 01/04/2022 dacordo co requirimento efectuado pola Consellería de Emprego e Igualdade recibido o 8/04/2022 (DOC. 220071410), co seguinte tenor literal:

- Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a subvención para o proxecto Obradoiro de Emprego Vigo Capacita VIII polo importe de 503.987 euros.
- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.
- Aprobar a modificación da Obra/servizo de Merendas.
- Delegar no Concelleiro de Cultura e Emprego, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego "VIGO CAPACITA VIII".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(266).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PLANS DE EMERXENCIAS E AUTOPROTECCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE PARA OS EVENTOS PROGRAMADAS POLO SERVIZO DE FESTAS. EXPTE. 9174/335.

Visto o informe xurídico do 12/04/2022 e o informe de fiscalización do 18/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 12/04/2022, asinado pola xefa do Servizo de



Concello de Vigo

Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 7 de febreiro de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo de **redacción de plans de emerxencias e autoprotección e coordinación de seguridade** para os eventos programadas polo Servizo de Festas. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 07/02/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 7 de febreiro 2022.
- Memoria económica, de data 8 de marzo de 2022
- Documento económico, de data 10 de marzo 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 29 de marzo de 2022
- Memoria xustificativa, de data 30 de marzo de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta necesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da división do contrato en 2 lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP. Polo que se refire aos custos laborais de produción, tomouse como base fundamentalmente o Convenio Colectivo Laboral de ámbito nacional do Sector dos Servizos de Prevención Alleos e o Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia, táboa salariais exercicio 2022. O orzamento base de licitación deste contrato determinouse considerando gastos xerais e o beneficio industrial. Na estimación dos custos inclúense tamén os gastos derivados das obrigas de cotización a Seguridade Social por conta da empresa.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
 - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).

- Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do xervizo de contratación do 30 de marzo de 2022 e dilixencia de corrección de data 11/04/2022
- Prego de cláusulas administrativas do 11 de abril de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de **redacción de plans de emerxencias e autoprotección e coordinación de seguridade** para os eventos programadas polo Servizo de Festas.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 29 de marzo de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 11 de abril de 2022 redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **43.076,00** euros, sendo o valor estimado do contrato de **71.200,00 €** con cargo a aplicación orzamentaria 3380.227.0600 “Estudios e Traballos Técnicos” do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2022.

A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:

- 34.460,80 € (80% de 43.076,00) para o ano 2022
- 8.615,20 € (20% de 43.076,00) para o ano 2023

A distribución por anualidades (con IVE) desglosada para cada LOTE é a seguinte:

LOTE 1

- 16.310,80 (80% de 20.388,50 €) para o ano 2022
- 4.077,70 (20% de 20.388,50 €) para o ano 2023

LOTE 2

- 18.150,00 (80% de 22.687,50 €) para o ano 2022
- 4.537,50 (20% de 22.687,50 €) para o ano 2023

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

10(267).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE APOIO E ASESORAMENTO SOBRE A PROGRAMACIÓN, ORGANIZACIÓN E SEGUIMENTO DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9191/335.

Visto o informe xurídico do 12/04/2022 e o informe de fiscalización do 13/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 12/04/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 8 de MARZO de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadana e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo de **apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos** organizados polo Concello de Vigo. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 08/03/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 8 de marzo 2022.
- Memoria económica, de data 24 de marzo de 2022
- Documento económico, de data 9 de marzo 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 24 de marzo de 2022
- Memoria xustificativa, de data 24 de marzo de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta necesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da división do contrato en 2 lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP. Polo que se refire aos custos laborais de produción, tomouse como base fundamentalmente o Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia, táboa salariais exercicio 2022. O orzamento base de licitación deste contrato determinouse considerando gastos xerais e o beneficio industrial. Na estimación dos custos inclúense tamén os gastos derivados das obrigas de cotización a Seguridade Social por conta da empresa.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
 - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).

- Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2.º do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do xervizo de contratación do 25 de marzo de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 25 de marzo de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de **apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos** organizados polo Concello de Vigo

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 24 de marzo de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 25 de marzo de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **59.459,40** euros, sendo o valor estimado do contrato de **98,280,00 €** con cargo a aplicación orzamentaria 3380.227.0600 “Estudios e Traballos Técnicos” do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2022.

A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:

- 47.567,52 € (80% de 59.459,40) para o ano 2022
- 11.891,88 € (20% de 59.459,40) para o ano 2023

A distribución por anualidades (con IVE) de cada LOTE é a seguinte:

LOTE 1

- 23.899,92 € (80% de 29.874,90) para o ano 2022
- 5.974,98 € (20% de 29.874,90) para o ano 2023

LOTE 2

- 23.667,60 € (80% de 29.584,50) para o ano 2022
- 5.916,90 € (20% de 29.584,50) para o ano 2023

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(268).- BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2021/2022, OU DO ANO 2022 NO CASO DAS MODALIDADES CUXA TEMPADA DEPORTIVA SEXA ANUAL. EXPTE. 11356/224.

Visto o informe xurídico do 04/04/2022 e o informe de fiscalización do 18/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 01/04/2022, asinado pola xefa do Servizo de



Concello de Vigo

Igualdade, a asesora xurídica do Servizo, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria específica para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que promovan o deporte feminino (licencias femininas en equipos ou en categorías individuais), teñan o seu enderezo social en Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e reúnan os requisitos establecidos nestas bases, co obxecto de contribuír a financiar os gastos ocasionados polo seu funcionamento e a súa actividade deportiva na tempada 2021/2022, ou do ano 2022 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Porén, o acceso e a participación das mulleres ao ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades de práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo. Xeralmente, as nenas, a partir dos doce anos de idade, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

No deporte federado a presenza das mulleres e de nenas segue sendo minoritaria producíndose unha clara segregación horizontal e vertical. Esta realidade é patente no ámbito estatal, autonómico e municipal: os datos que reflicten a escasa participación de mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade son semellantes en Galicia e en España, en termos porcentuais. Isto avala que non se trata dunha situación puntual, ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade.

Tamén é salientable a menor repercusión que ten nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que os realizados por mulleres; esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas; limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licencias femininas e por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso á participación de nenas e mulleres na práctica deportiva.

Todo o exposto confirma que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes neste eido e avala a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir

esa situación de desigualdade, axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres na práctica deportiva.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes. No ámbito do deporte, establece no seu artigo 29 que *“todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución; así como: “o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas as mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión.”*

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia no seu artigo 3.b) establece o *dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha*, e no artigo 5.3: *no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrarase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitarase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta.*

A esta finalidade da convocatoria refírense os artigos 25.2 apartado l) e apartado o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 80.2. “n” e “o” da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de administración local de Galicia.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo pretende promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas. No ano 2017, a Concellería de Igualdade, a través da convocatoria de subvencións específica, destinou 27.000 € para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas. Nos anos seguintes incrementouse esta cantidade a 45.000 €, e foron aumentando as entidades beneficiarias. Así, no ano 2021 foron 75 os clubs vigueses que se beneficiaron desta liña de subvencións.

Para este mesmo fin, destínase no ano 2022 un crédito máximo de 45.000,00 € que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”* dos orzamentos aprobados para o ano 2022 da Concellería de Igualdade.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión

En relación ao cumprimento dos procedementos para a concesión en réxime de concorrencia competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera os principios recollidos no artigo 20 da citada lei e asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba



Concello de Vigo

o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia do réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na materia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; as Bases de execución dos orzamentos do Concello de Vigo para o exercicio 2022; o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2021-2023, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: aprobar as bases reguladoras específicas da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2021/2022, ou do ano 2022 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual, cos seus correspondentes anexos, que se incorporan ao expediente.

SEGUNDO: aprobar o texto da convocatoria de subvencións a entidades deportivas para a promoción do deporte feminino na tempada 2021/2022 ou do ano 2022 no caso de modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual, e o extracto da mesma, (incorporados ao expediente) que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base ó establecido na Resolución do 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

TERCEIRO: aprobar a autorización de gasto, por importe máximo de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros), que se imputará con cargo á partida presupostaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento aprobado para o ano 2022 da Concellería de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCE-
SIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO
DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2021/2022 OU DO ANO 2022 NO CASO DAS MODALIDA-
DES CUXA TEMPADA DEPORTIVA SEXA ANUAL. EXPEDIENTE 11.356-224**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Porén, o acceso e a participación das mulleres ao ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades de práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo. Xeralmente, as nenas, a partir dos doce anos de idade, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

No deporte federado a presenza das mulleres e de nenas segue sendo minoritaria producíndose unha clara segregación horizontal e vertical. Esta realidade é patente no ámbito estatal, autonómico e municipal: os datos que reflicten a escasa participación de mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade son semellantes en Galicia e en España, en termos porcentuais. Isto avala que non se trata dunha situación puntual, ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade.

Tamén é salientable a menor repercusión que ten nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que os realizados por mulleres; esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas; limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licencias femininas e por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso á participación de nenas e mulleres na práctica deportiva.

Todo o exposto, confirma que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes neste eido e avala a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir esa situación de desigualdade que axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres na práctica deportiva.

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impónlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No ámbito do deporte, establece no seu artigo 29 que *todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución*; así como: *o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas as mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión*

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia no seu artigo 3.b) establece o *dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha*, e no artigo 5.3: *no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrarase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitarase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta*.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo pretende promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e promoción das nenas e mulle-



Concello de Vigo

res nas distintas disciplinas deportivas. No ano 2017, a Concellería de Igualdade, a través da convocatoria de subvencións específica, destinou 27.000 € para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas. Nos anos seguintes incrementouse esta cantidade a 45.000 €, e foron aumentando as entidades beneficiarias. Así, no ano 2021 foron 75 os clubs vigueses que se beneficiaron desta liña de subvencións.

Para este mesmo fin, destínase no ano 2022 un crédito máximo de 45.000,00 € que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento aprobado para o ano 2022 da Concellería de Igualdade.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases responde á finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas disciplinas deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase en contribuír a financiar os gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2021/2022, ou do ano 2022 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta, así como os motivados pola participación ou organización de actividades deportivas dos equipos con licencias femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- pagamento de licencias federativas femininas;
- viaxes, aloxamentos e comidas (concreción de menús) de deportistas femininas ou dos equipos femininos nos desprazamentos necesarios para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación;
- inscricións en competicións e probas de deportistas ou equipos femininos;
- arbitaxes de competicións e probas de deportistas femininas;
- equipo técnico e deportivo adestrador das deportistas ou de equipos femininos;
- equipamento (sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo), que sexa destinado a deportistas femininas;
- compra de material deportivo necesario para o adestramento ou competición das deportistas ou dos equipos femininos;
- alugueiro de instalacións deportivas, gastos telefónicos, de internet e mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital;

- adquisición de produtos de desinfección e limpeza, así como produtos de hixiene e material de protección fronte a COVID-19, etc.
- En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das xogadoras ao longo da tempada 2021/2022, ou do ano 2022 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

Non se valorará como gasto subvencionable o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo cando ese mesmo importe fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións da Concellería de Deportes deste Concello. O servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao servizo de Deportes.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a consecución da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 15.000,00 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

A tempada 2021/2022 ou 2022 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos obtidos das respectivas federacións, e a data de inscrición dos equipos ou das deportistas individuais. A tal efecto, o servizo de Igualdade, no informe que se xuntará á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma. O órgano instructor do procedemento poderá solicitar á Concellería de Deportes canta información e documentación teña este servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria: 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento aprobado para o ano 2022 da Concellería de Igualdade. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do R. d. 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS



Concello de Vigo

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- d) Cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.
- e) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2021/2022, ou do ano 2022 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual. Exceptuarase do mínimo de licenzas ás entidades que contén, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado.
- f) Que acompañen á solicitud a documentación preceptiva establecida na base 11ª desta convocatoria.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- As solicitudes presentadas por federacións deportivas.
- As solicitudes presentadas por clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais
- As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4.- Na fase de proposta de resolución as solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Existe a posibilidade de acreditar simplifadamente estas circunstancias, nos supostos indicados no artigo 24 do citado RD 887/2006, en particular o parágrafo cuarto para aquelas subvencións nas que o importe das cales non supere a contía de 3.000 €, como é o caso desta convocatoria, tal e como se establece no apartado 3 da base oitava.

5.- Igualmente, as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitud de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- 1.- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitud, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- 2.- Responder da veracidade dos datos da solicitud, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitud.

- 3.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para a organización, difusión e execución das súas actividades.
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.
- 5.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
- 6.-Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización do programa subvencionado.
- 7.-Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- 8.- Cumprir coa normativa sanitaria vixente, adaptando a organización da actividade do club ás normas e instrucións que vaian ditando as autoridades sanitarias en cada momento, en relación a prevención sanitaria fronte á COVID-19.
- 9.-Aboar as taxas, impostos, permisos, seguros e todos os demais gastos derivados da realización do programa subvencionado.
- 10.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Para efectuar a proposta de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 26 puntos.

1.- Número de licenzas femininas na tempada deportiva 2021-2022, ou na tempada do ano 2022, para tempadas deportivas anuais. Ata un máximo de 16 puntos:

1.a.-Volume de licenzas femininas e puntuación: (*Excepto: Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Espeleoloxía, Surf, Taekwondo, Tenis e Pádel)

- a) Con menos de 35 licenzas femininas: 4 puntos
- b) Con 35 licenzas femininas e menos de 60: 6 puntos
- c) Con 60 licenzas femininas e menos de 85: 8 puntos
- alugueiro de instalacións deportivas, gastos telefónicos, de internet e mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital;
- adquisición de produtos de desinfección e limpeza, así como produtos de hixiene e material de protección fronte a COVID-19, etc.

En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das xogadoras ao longo da tempada 2021/2022, ou do ano 2022 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 45.000,00 € (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria: 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento aprobado para o ano 2022 da Concellería de Igualdade.

CUARTA. - BENEFICIARIAS.

Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro, contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2021-2022, ou do ano 2022 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual (a excepción de entidades que contén con licenzas femininas de deporte adaptado, para as que o mínimo de licenzas femininas será de 1) e cumpran os demais requisitos que establecen as bases e convocatoria.

QUINTA.- PROCEDIMENTO DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.



Concello de Vigo

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na base décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos como data límite o **30 de setembro de 2022**.

12(269).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE REPARACIÓNS DA FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE VIGO, INCLUÍNDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS -LOTE 2. EXPTE. 13218/445.

Visto o informe xurídico do 08/04/2022 e o informe de fiscalización do 12/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 08/03/2022, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30/04/2020, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a MOTOS ÁNGEL LEIROS S.L. (C.I.F. B 366337593) o Lote 2 do contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios (13218-445) por procedemento aberto e por un prezo total de CENTO VINTE MIL EUROS (120.000 EUROS) sendo a cota correspondente ao IVE de 20.826,47 €, cunha porcentaxe de desconto para os prezos unitarios derivados dos elementos necesarios ou subministros obxecto deste contrato do 15% e cunha porcentaxe de desconto para a determinación dos prezos unitarios para o custo de man de obra do 8,57%.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 01/06/2020 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte á da última sinatura dixital.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

Segundo.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Considérase conveniente polos técnicos que a subscriben a proposición da primeira prórroga do contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios Lote 2 por un período dun ano toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

Cuarto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 02/06/2022 ata o 01/06/2023, sendo que o prezo anual ascende a un total de **SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €)** IVE incluído sendo a cota correspondente ao IVE de DEZ MIL CATROCENTOS TRECE EUROS CON VINTE DOUS CÉNTIMOS (10.413,22 €)

Sexto.- O importe da prórroga imputarase ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 "Reparación mantemento e conservación do material", e a partida



Concello de Vigo

9202.2211100 “Repostos elementos de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

| Período | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--------------------------------|-------------------------|--------------------|
| Do 02/06/2022 ata o 31/12/2022 | 9202.214.00.00.- | 32.083,33 € |
| | 9202.221.11.00.- | 2.916,67 € |
| Do 01/01/2023 ata o 01/06/2023 | 9202.214.00.00.- | 22.916,67 € |
| | 9202.221.11.00.- | 2.083,33 € |
| | TOTAL | 60.000,00 € |

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios -Lote 2 (13.218-445) , formalizado coa entidade mercantil MOTOS ANGEL LEIROS S.L. polo período comprendido dende o 02/06/2022 ata o 01/06/2023

Segundo- Autorizar o gasto estimado do contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios - Lote 2 (13218-445) , a favor da entidade mercantil MOTOS ANGEL LEIROS S.L. (CIF. B 36637593) por importe de SESENTA E MIL EUROS (60.000 E) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de DEZ MIL CATROCENTOS TRECE EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (10.413,22 €); imputando o devandito gasto ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 “Reparación mantemento e conservación do material”, e a partida 9202.2211100 “Repostos elementos de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

| Período | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--------------------------------|-------------------------|--------------------|
| Do 02/06/2022 ata o 31/12/2022 | 9202.214.00.00.- | 32.083,33 € |
| | 9202.221.11.00.- | 2.916,67 € |
| Do 01/01/2023 ata o 01/06/2023 | 9202.214.00.00.- | 22.916,67 € |
| | 9202.221.11.00.- | 2.083,33 € |
| | TOTAL | 60.000,00 € |

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria MOTOS ANGEL LEIROS S.L. (CIF. B 36637593) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(270).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE REPARACIÓNS DA FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE VIGO, INCLUÍNDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS -LOTE 1. EXPTE. 13218/445.

Visto o informe xurídico do 08/04/2022 e o informe de fiscalización do 12/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 08/03/2022, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30/04/2020, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a TALLERES GARCIA BARREIRO S.L. (C.I.F. B36781730) o contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios - Lote 1, Expediente 13.218/445 por procedemento aberto e por un prezo total de DOUS CENTOS OITENTA MIL EUROS (280.000 EUROS) sendo a cota correspondente ao IVE de 48.595,04 €, e segundo os prezos unitarios previstos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 25/05/2020 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte á da última sinatura dixital.



Concello de Vigo

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

Segundo.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Considérase conveniente polos técnicos que a subscriben a proposición da primeira prórroga do contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios - Lote 1 por un período dun ano toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

Cuarto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 26/05/2022 ao 25/05/2023, sendo que o prezo anual ascende a un total de **CENTO CORENTA MIL EUROS (140.000 euros) IVE incluído**, sendo a cota correspondente ao IVE de VINTE E CATRO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E SETE EUROS con CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (24.297,52 €)

Sexto.- O importe da prórroga imputarase ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 “Reparación mantemento e conservación do material”, e a partida 9202.2211100 “Repuestos elementos de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

| Período | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--------------------------------|-------------------------|---------------------|
| Do 26/05/2022 ata o 31/12/2023 | 9202.214.00.00.- | 67.083,33 € |
| | 9202.221.11.00.- | 14.583,33 € |
| Do 01/01/2023 ata o 25/05/2023 | 9202.214.00.00.- | 47.916,67 € |
| | 9202.221.11.00.- | 10.416,67 € |
| | TOTAL | 140.000,00 € |

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios -Lote 1 (13.218-445), formalizado coa entidade mercantil TALLERES GARCIA BARREIRO S.L. polo período comprendido dende o 26/05/2022 ata o 25/05/2023

Segundo- Autorizar o gasto estimado do contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios - Lote 1 (13218-445), a favor da entidade mercantil TALLERES GARCIA BARREIRO S.L. (C.I.F. B367817309) por importe de CENTO CORENTA MIL EUROS (140.000 EUROS) IVE INCLUÍDO, CENTO CORENTA MIL EUROS (140.000 euros) IVE incluído, sendo a cota correspondente ao IVE de VINTE E CATRO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E SETE EUROS con CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (24.297,52 €); imputando o devandito gasto ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 “Reparación mantemento e conservación do material”, e a partida 9202.2211100 “Repuestos elementos de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

| Período | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--------------------------------|-------------------------|-------------|
| Do 26/05/2022 ata o 31/12/2023 | 9202.214.00.00.- | 67.083,33 € |
| | 9202.221.11.00.- | 14.583,33 € |
| Do 01/01/2023 ata o 25/05/2023 | 9202.214.00.00.- | 47.916,67 € |
| | 9202.221.11.00.- | 10.416,67 € |



Concello de Vigo

| | | |
|--|--------------|---------------------|
| | TOTAL | 140.000,00 € |
|--|--------------|---------------------|

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria TALLERES GARCIA BARREIRO S.L. (C.I.F. B367817309) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(271).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DO MANTEMENTO DAS ZONAS DE INTERESE PATRIMONIAL. EXPTE. 10075/307.

Visto o informe xurídico do 06/04/2022 e o informe de fiscalización do 11/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 30/03/2022, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 4 de xuño de 2021, acordou o seguinte:

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. (B-36.746.584) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (10.075-307) por un prezo total de 143.852,03 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 24.966,05 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato foi asinado con data 29 de xuño de 2021.

A cláusula 7.3 do prego de cláusulas administrativas recolle o seguinte:

“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”

O apartado 4.C da FEC sinala que están previstas unha prórroga dun ano de duración.

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público recolle o prazo de duración dos contratos e a súa posibilidade de prórroga, que será acordada polo órgano de contratación.

LEXISLACIÓN APLICABLE

–Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

–Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

–Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.

–Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

–Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, fórmase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

1.- Aprobar a prórroga dun ano do contrato de servizos do mantemento das zonas de interese patrimonial (exp. 10075-307) adxudicado a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. (B-36.746.584) por acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de xuño de 2021, polo período comprendido entre o 30/06/2022 e o 29/06/2023.

2.- Autorizar e comprometer o gasto segundo o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

A) Presuposto total dun ano de prórroga do contrato: 143.852,03 euros.

B) IVE a soportar pola Administración: 24.966,05 euros.

C) Valor estimado da prórroga do contrato: 143.852,03 euros.

D) ANUALIDADES CON IVE:

| ANUALIDADE | IMPORTE | DATAS |
|------------|-----------------|-------------------------|
| 2022 | 72.325,61 euros | 30/06/2022 - 31/12/2022 |
| 2023 | 71.526,42 euros | 01/01/2023 - 29/06/2023 |

E) Aplicación orzamentaria: 3360.2100001 MANTEMENTO CONXUNTO ETNOGRÁFICO dos orzamentos municipais vixentes.



Concello de Vigo

3.- Notificar o presente acordo á empresa contratista nos termos establecidos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(272).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POLO PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO SERVIZO DE DIVULGACIÓN DOS EQUIPAMENTOS DE PATRIMONIO HISTÓRICO. EXPTE. 10480/307.

Visto o informe xurídico do 01/04/2022 e o informe de fiscalización do 11/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 31/03/2022, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO:

Con data 26 de xaneiro de 2022, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico ditou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a CONTRATACIÓN SERVIZO DE DIVULGACIÓN DOS EQUIPAMENTOS DE PATRIMONIO HISTÓRICO

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico de data 25 de xaneiro de 2022.
- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 26 de xaneiro de 2022 para o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada o 25 de febreiro de 2022 pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico .
- Prego de prescripcíons técnicas asinado pola xefa de Patrimonio Histórico o 28 de febreiro de 2022.
- Memoria xustificativa asinada o 22 de marzo de 2022 pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 31 de marzo de 2022.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019), aos concelleiros de Area.

Segundo.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

Terceiro.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Cuarto.- É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

III.- ACORDO:

1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE DIVULGACIÓN DOS EQUIPAMENTOS DE PATRIMONIO HISTÓRICO.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefa de Patrimonio Histórico o 28 de febreiro de 2022.

3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 31 de marzo de 2022.

4º.- Autorizar o gasto:

A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 151.299,87 euros

B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%): 26.258,66 euros

C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 166.721,62 euros

D) ANUALIDADES CON IVE:



Concello de Vigo

| Anualidade | Importes | Partidas |
|------------|-----------------|---|
| 2022 | 22.276,39 euros | 3360.2279900: 18.719,06 euros 3360.2269902: 3.557,33 euros |
| 2023 | 50.433,29 euros | 3360.2279900: 40.000,00 euros 3360.2269902: 6.700,00 euros 3360.2270601: 3.733,29 euros |
| 2024 | 50.433,29 euros | 3360.2279900: 40.000,00 euros 3360.2269902: 6.700,00 euros 3360.2270601: 3.733,29 euros |
| 2025 | 28.156,90 euros | 3360.2279900: 28.156,90 euros |

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(273).- RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO INCOADO AO FUNCIONARIO CO NIP 294473. EXPTE. 78228/212.¹

17(274).- RECLAMACIÓN DE GASTOS XUDICIAIS DO EMPREGADO MUNICIPAL CON NP 21640. EXPTE. 39715/220.

Visto o informe de fiscalización do 11/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 08/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En escrito de data de sinatura electrónica (nº doc. 220069112) o empregado municipal Sr. Otero Failde, solicita reintegro de gastos xudiciais por importe de 544,50 euros como consecuencia da defensa xurídica en procedemento penal no exercicio lexítimo das funcións de xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo do Concello de Vigo. Xunto cosa solicitude achega:

- Cédula de citación de data 26/02/2021 do Xulgado de Instrución 2 de Vigo. DPA 1592/2020.
- Contrato de prestación de servizos de asistencia xurídica con Maio Galicia, SLP de 19/05/2021

1 Omítese o texto do acordo de conformidade coa “Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía de derechos persoais”.

- Auto do Xulgado de Instrución 2 de Vigo polo que decreta o sobresemento provisional e o arquivo das actuacións DPA 1592 /2020 de data 26/08/2021.
- Dilixencia de ordenación do Xulgado de Instrución N. 2 de Vigo de 15/11/21, firmeza do auto.
- Factura número PE-2021/84, de gastos de asistencia xurídica emitida por Maio Galicia, S.L.P.
- Xustificante electrónico da entidade bancaria de pago da factura mediante transferencia bancaria.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou neglixencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio



Concello de Vigo

de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

Esta doutrina foi recollida en resolucións xudiciais posteriores, tales como as Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22 de decembro de 2003, Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de 27 de marzo de 2008, entre outras.

Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexo ao expediente.

IV.- No caso que nos ocupa, consta no expediente documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos, así: cédula de citación de data 26/02/2021 do Xulgado de Instrución 2 de Vigo. DPA 1592/2020; Contrato de prestación de servizos de asistencia xurídica con Maio Galicia, SLP de 19/05/2021; Auto do Xulgado de Instrución 2 de Vigo polo que decreta o sobresemento provisional e o arquivo das actuacións DPA 1592 /2020 de data 26/08/2021; Dilixencia de ordenación do Xulgado de Instrución N. 2 de Vigo de 15/11/21, firmeza do auto; Factura número PE-2021/84, de gastos de asistencia xurídica emitida por Maio Galicia, S.L.P; Xustificante electrónico da entidade bancaria de pago da factura mediante transferencia bancaria. Por outra parte, non estamos ante un suposto de actuación allea ao exercicio lexítimo das funcións asignadas, nin contradictorio coas regras xerais e os deberes sinalados no estatuto e o código de conduta dos empregados públicos ou corporativos locais, cumpríndose igualmente os requisitos da sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, anteriormente citada.

V.- Sometemento a fiscalización previa.- O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

VI.- Competencia.-

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local; nos termos, condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021), sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Acordar o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados ao/á funcionario/a Sr. Otero Faide, como consecuencia do persoamento do/a mesmo/a -en calidade de investigado/a- no procedemento abreviado nº 1592/2020; seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 2 de Vigo, tendo sido ditado Auto do Xulgado de Instrución 2 de Vigo polo que decreta o sobresemento provisional e o arquivo das actuacións DPA 1592 /2020 de data 26/08/2021 e constando dilixencia de ordenación do Xulgado de Instrución N. 2 de Vigo de 15/11/21, de firmeza do auto.

Os ditos gastos concréntanse nun importe total de **544,50 euros** (Factura número PE-2021/84, de gastos de asistencia xurídica emitida por Maio Galicia, S.L.P., polo importe reclamado).

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

18(275).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DO 16/07/2021, REFERIDO AOS CRITERIOS DE XESTIÓN DE LISTAS DE RESERVA DERIVADAS DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO E CONVOCATORIAS PÚBLICAS DE EMPREGO. EXPTE. 36685/220.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Expediente de contratación da prestación do servizo de actuación artística da “Sant Andreu Jazz Band” con motivo da conmemoración do día internacional do jazz. Expte. 9212/335.

.- Expediente de contratación da prestación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”. Expte. 9176/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

19(276).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA “SANT ANDREU JAZZ BAND” CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DO JAZZ. EXPTE. 9212/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 19/04/2022 e o informe de fiscalización do 20/04/2022, dáse conta do informe-proposta de data 18/04/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 29 de marzo de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo da **actuación artística da SANT ANDREU JAZZ BAND** o día 30 de abril con motivo da celebración do “Día Internacional do Jazz” dentro do programa “Vigo en Festas 2022”. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 29/03/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 29 de marzo 2022.
- Memoria económica, de data 12 de abril de 2022
- Documento económico, de data 12 de abril de 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 13 de abril de 2022
- Memoria xustificativa, de data 13 de abril de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP)
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
 - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
 - Establécense como tarefas críticas a actuación musical que non poderá ser obxecto de subcontratación por tratarse de prestacións personalísimas. (artigo 215 LCSP).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación do 13 de abril de 2022



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas do 13 de abril de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento **negociado sen publicidade** e tramitación **ordinaria** do contrato da prestación do servizo da **actuación artística da SANT ANDREU JAZZ BAND** o día 30 de abril con motivo da celebración do “Día Internacional do Jazz” dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 13 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 13 de abril de 2022 redactado pola Técnica de administración Xeral do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **32.670,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **27.000,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(277).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”. Expte. 9176/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización, ambos do 20/04/2022, dáse conta do informe-proposta de data 18/04/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 29 de marzo de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo de **xestión de diversos traballos técnicos, equipamentos e infraestruturas básicas**

necesarias para a produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 29/03/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 29 de marzo de 2022.
- Memoria económica, de data 1 de abril de 2022
- Documento económico, de data 5 de abril de 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 18 de abril de 2022
- Memoria xustificativa, de data 19 de abril de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta necesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da división do contrato en **5 lotes** (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP. Polo que se refire aos custos laborais de produción, tomouse como base fundamentalmente o Convenio Colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia, táboa salarial exercicio 2022. O orzamento base de licitación deste contrato determinouse considerando gastos xerais e o beneficio industrial. Na estimación dos custos inclúense tamén os gastos derivados das obrigas de cotización a Seguridade Social por conta da empresa.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
 - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
 - Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación do 19 de abril de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 19 de abril de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:



Concello de Vigo

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de **xestión de diversos traballos técnicos, equipamentos e infraestruturas básicas necesarias para a produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 19 de abril de 2022 redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **867.122,86 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **1.450.361,51 euros** con cargo a aplicación orzamentaria **3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO”** do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2022.

O orzamento desglosado para cada LOTE:

- Lote 1: 202.655,56 €, sendo o importe correspondente ao iva de 35.171,63 €
- Lote 2: 143.503,81 €, sendo o importe correspondente ao iva de 24.905,62 €
- Lote 3: 438.003,83 €, sendo o importe correspondente ao iva de 76.017,19 €
- Lote 4: 49.266 €, sendo o importe correspondente ao iva de 0 €
- Lote 5: 33.693,66 €, sendo o importe correspondente ao iva de 5.847,66 €

A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:

- 784693,67 € (90,49% para o ano 2022)
- 82429,19 € (9,51% para o ano 2023)

A distribución por anualidades (con IVE) de cada LOTE é a seguinte:

LOTE 1

- 168204,11 € (83% de 202655,56 €) para o ano 2022 (20 eventos Tipoloxía I e 4 eventos Tipoloxía II)
- 34451,45 € (17% de 202655,56 €) para o ano 2023 (6 eventos Tipoloxía I)

LOTE 2

- 100452,67 € (70% de 143503,81 €) para o ano 2022 (1 Tipoloxía I e 2 Tipoloxía II)
- 43051,143 € (30% de 143503,81 €) para o ano 2023 (2 Tipoloxía II)

LOTE 3

- 438003,83 € (100%) para o ano 2022

LOTE 4

- 44339,40 € (90% de 49266,00) para o ano 2022 (25 eventos)
- 4926,60 € (10% de 49266,00) para o ano 2023 (2 eventos)

LOTE 5

- 33693,66 € (100% de 33693,66 €) para o ano 2022

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(278).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez